

CIRCULAR 76 – 2018.

SOLICITUDE DE PRAZAS PARA O CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA. CURSO ACADÉMICO 2018/19

- A todas as Delegacións*
 - A todos/as os/as asembleístas 2014 – 2018.
 - A todos/as os/as membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada.
 - A todos os clubs galegos con licenza vixente.
- *Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación.*

Todos/as aqueles/as atletas interesados/as en optar a unha praza/bolsa para o **Centro Galego de Tecnificación Deportiva** na vindeira tempada 2018/19 deberán presentar o modelo de solicitude (Anexo I) que se adxunta neste documento xunto ao seu currículo deportivo antes do día **6 de agosto ás 14h** na Federación Galega de Atletismo.

Para o curso 2018/19 as prazas ofertadas serán para os sectores de **MARCHA** e **LANZAMENTOS**.

Lembramos que tódolos atletas que fosen finalmente admitidos deberán seguir vinculados ao longo de dous anos co club de orixe, salvo acordo mutuo entre o atleta e o club. A FGA, unha vez recibidas todas as solicitudes emitirá unha proposta á Dirección do CGTD.

Requisitos dos beneficiarios/as das bolsas:

Poderán ser beneficiarios/as das bolsas para deportistas no Centro Galego de Tecnificación Deportiva todas aquelas persoas deportistas que no momento de facer a solicitude cumpran os requisitos que se detallan a continuación:

- Ter nacionalidade española.
 - Estar en posesión da licenza deportiva da Federación Galega de Atletismo.
- Poderase valorar, segundo informe técnico da comisión de selección e como caso excepcional, o incumprimento deste requisito unicamente nas bolsas de elite.
- Para os grupos de tecnificación, deberase pertencer a un club deportivo galego ou sociedade anónima deportiva dada de alta no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, así como estar empadroado nun municipio da Comunidade Autónoma de Galicia.

- As persoas deportistas propostas para praza de tecnificación deberán ter promovido de curso na convocatoria ordinaria de xuño 2018 ou na extraordinaria de setembro 2018 (non se considera a promoción por imperativo legal). Excepcionalmente poderase considerar a posibilidade de repetición daqueles deportistas cuxas federacións xustifiquen que participaron, con posibilidade de seguir participando, en campionatos de Europa, do mundo ou xogos olímpicos.

Non poderán obter a condición de beneficiarias, aquelas persoas que concorran nalguna das circunstancias establecidas a continuación:

- Non obter un «apto» na análise médica realizada polo equipo médico do CGTD previamente á formalización da matrícula.
- Ter un informe negativo da Dirección do CGTD ratificado pola Secretaría Xeral para o Deporte a través da comisión de selección sobre o seu comportamento durante a súa estadía como bolseiro no Centro Galego de Tecnificación Deportiva durante o curso inmediatamente anterior ao desta convocatoria.
- Ter sanción en firme por dopaxe.
- Ter sanción en firme por algunha das infraccións previstas no artigo 14 do Real Decreto 1591/1992, do 23 de decembro, sobre disciplina deportiva (BOE do 19 do febreiro de 1993).
- Ter sanción en firme por algunha das infraccións previstas no artigo 97 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

Natureza das bolsas

1. Grupo de tecnificación.

Poderán ser beneficiarios/as de bolsas do grupo de tecnificación as persoas deportistas que cumpran de 14 a 17 anos en 2018 (nados nos anos 2004, 2003, 2002 e 2001). Excepcionalmente poderanse atender solicitudes que por razóns académicas non se axusten ao rango de idade sinalado: alumnado de altas capacidades que, previa autorización da Consellería de Educación cursen 3º de ESO con menos de 15 anos e alumnado de 2º de bacharelato que por ter repetido algún curso, antes do seu ingreso no CGTD, superen os 18 anos.

- Prazo de residente 1: bolseiros que residan fóra do radio de 3km á redonda do CGTD.

Beneficios/as da praza: matrícula no IES adscrito ao centro, aloxamento (de domingo a xoves) e manutención completa (de luns a venres), servizo de lavandaría, incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, instalacións deportivas, servizo médico-deportivo, servizo de fisioterapia e tutoría.

– Praza de externo 1: bolseiros que residan dentro do radio de 3km á redonda do CGTD.

Beneficios da praza: matrícula no IES adscrito ao centro, xantar no comedor da residencia (de luns a venres), incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, instalacións deportivas, servizo médico-deportivo, servizo de fisioterapia e tutoría.

2. Grupo de rendemento.

Poderán ser beneficiarios de bolsas do grupo de rendemento os deportistas de máis de 18 anos.

– Praza de residente 2: deportistas que fagan de 18 a 23 anos no 2018 (nados do ano 2000 ao 1995) que residan nun radio fóra de 3km á redonda do CGTD.

Beneficios da praza: aloxamento (de luns a domingo) e manutención completa (de luns a venres), servizo de lavandaría, incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, instalacións deportivas, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia.

– Praza de externo 2: deportistas que fagan de 18 a 23 anos no 2018 (nados do ano 2000 ao 1995).

Beneficios da praza: xantar no comedor da residencia (de luns a venres), incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, instalacións deportivas, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia.

– Elite: deportistas maiores de 23 anos (nados no ano 1994 ou anteriores).

Beneficios da praza: xantar no comedor da residencia (de luns a venres), instalacións deportivas, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia.

Criterios de valoración

– Valoraranse os criterios deportivos da modalidade deportiva e especialidade para a cal solicitan a bolsa ao CGTD.

– Non se valorarán os resultados obtidos en probas ou modalidades non olímpicas a excepción dun primeiro posto nelas e sempre cunha participación mínima de vinte participantes.

- Non serán valorados os méritos deportivos acadados nos campionatos de España de clubs, nos campionatos de España por seleccións autonómicas, nin tampouco en copas ou competicións internacionais de clubs.
- Non serán susceptibles de valoración os resultados acadados en competicións por equipo (probos de remudas) coa excepción dos resultados obtidos en competicións internacionais formando parte da selección española. Neste último caso, a valoración será a puntuación do resultado entre o número de compoñentes da proba de equipo.
- Non se valorarán os resultados deportivos acadados en categorías máster, veteranos ou similar.

Criterios de valoración para os deportistas de Tecnificación

Criterios deportivos:

A valoración do rendemento deportivo vai variar en función da categoría en que o deportista proposto competise no ano en que se publica esta convocatoria de bolsas, e do seu ano de nacemento, quedando como seguen:

- Para valorar os deportistas nados nos anos 2004, 2003, 2002 ou 2001 (máximo de 15 puntos):
 - Mellor resultado no campionato de España do ano 2017 ou 2018 (de 10 a 2 puntos):
 - **1º posto: 10 puntos**
 - **2º posto: 9 puntos.**
 - **3º posto: 8 puntos.**
 - **4º posto: 7 puntos.**
 - **5º posto: 6 puntos.**
 - **6º posto: 5 puntos.**
 - **7º posto: 4 puntos.**
 - **8º posto: 3 puntos.**
 - **9º posto: 2 puntos.**
 - Mellor resultado no campionato de Galicia do ano 2017 ou 2018 (de 5 a 1 puntos):
 - **1º posto: 5 puntos.**
 - **2º posto: 4 puntos.**
 - **3º posto: 3 puntos.**
 - **4º posto: 2 puntos.**
 - **5º posto: 1 punto.**
- Deportistas que competiron formando parte da selección española en modalidades e probas olímpicas nos anos 2017 e 2018, escollendo só unha das seguintes competicións (máximo 7 puntos):



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



**XUNTA
DE GALICIA**



**DEPORTE
GALEGO**

- **Se competiron nos campionatos do mundo: 7 puntos.**
- **Se competiron nos campionatos de Europa: 6 puntos.**
- **Se competiron en copas do mundo: 5 puntos.**
- **Se competiron en copas de Europa: 4 puntos.**
 - As federacións poderán outorgar puntos adicionais aos deportistas de tecnificación:
 - **1º da lista: 5 puntos adicionais.**
 - **2º da lista: 4,5 puntos adicionais.**
 - **3º da lista: 4 puntos adicionais.**
 - **4º da lista: 3,5 puntos adicionais.**
 - **5º da lista: 3 puntos adicionais.**
 - **6º da lista: 2,5 puntos adicionais.**
 - **7º da lista: 2 puntos adicionais.**
 - **8º da lista: 1,5 puntos adicionais.**
 - **9º da lista: 1 punto adicional.**
 - **10º da lista: 0,5 puntos adicionais.**
- Ademais, para ter en conta a orde de prioridades establecida por cada sección do CGTD outorgaráselle puntos adicionais a cada deportista de tecnificación, en función das avaliacións realizadas durante a súa estadía no CGTD. Para as novas incorporacións a puntuación terá que ser avalada por un informe do adestrador responsable da sección deportiva, onde xustifique, con criterios técnicos obxectivos, a puntuación do deportista (datos antropométricos, progresión deportiva, condicións de adestramento, etc...),
 - **1º da lista: 5 puntos adicionais.**
 - **2º da lista: 4,5 puntos adicionais.**
 - **3º da lista: 4 puntos adicionais.**
 - **4º da lista: 3,5 puntos adicionais.**
 - **5º da lista: 3 puntos adicionais.**
 - **6º da lista: 2,5 puntos adicionais.**
 - **7º da lista: 2 puntos adicionais.**
 - **8º da lista: 1,5 puntos adicionais.**
 - **9º da lista: 1 punto adicional.**
 - **10º da lista: 0,5 puntos adicionais.**

Criterios académicos:

- Se remata en xuño con todo aprobado e cunha nota superior a 8: 5 puntos.
- Se remata en xuño con todo aprobado e cunha nota media entre 6 e 8: 4 puntos.
- Se remata en xuño con todo aprobado e cunha nota media inferior ao 6: 2 puntos.

Criterio de actitude:

- No caso de deportistas que aspiren a renovar a súa bolsa de tecnificación, terase en conta a valoración final residencial sobre o grao de aproveitamento e adaptación aos servizos residenciais conforme ás normas de convivencia durante o curso 2017/18, emitida pola dirección do centro, da seguinte forma:
- **Valoración final satisfactoria: 2 puntos.**
- **Valoración final mellorable: 1 punto.**
- **Valoración final non satisfactoria: -2 puntos.**

Criterios de valoración para os deportistas de rendemento

Prazas de residente 2

a) Deportistas que acadaron un resultado entre os 12 primeiros, nos derradeiros xogos olímpicos ou paralímpicos, ou campionato do mundo da súa categoría en modalidades e probas olímpicas, ata 12 puntos:

- **1º posto: 12 puntos.**
- **2º posto: 11 puntos.**
- **3º posto: 10 puntos.**
- **4º posto: 9 puntos.**
- **5º posto: 8 puntos.**
- **6º posto: 7 puntos.**
- **7º posto: 6 puntos.**
- **8º posto: 5 puntos.**
- **9º posto: 4 puntos.**
- **10º posto: 3 puntos.**
- **11º posto: 2 puntos.**
- **12º posto: 1 punto.**

Deportistas que acadaron un resultado entre os 9 primeiros, no último campionato de Europa da súa categoría en modalidades e probas olímpicas, ata 9 puntos:



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



**XUNTA
DE GALICIA**



**DEPORTE
GALEGO**

- 1º posto: 9 puntos.
- 2º posto: 8 puntos.
- 3º posto: 7 puntos.
- 4º posto: 6 puntos.
- 5º posto: 5 puntos.
- 6º posto: 4 puntos.
- 7º posto: 3 puntos.
- 8º posto: 2 puntos.
- 9º posto: 1 punto.

Deportistas que no curso anterior 2017/18 estiveron formando parte dun grupo de tecnificación no CGTD: 2 puntos.

Deportistas que estiveron o curso anterior como residentes, 1 punto. Sempre e cando o deportista que renove non teña un informe negativo da dirección do CGTD, nota de convivencia ou valoración final non satisfactoria. Este criterio non será valorado se non se obtén ningún punto nas epígrafes anteriores.

Prazas de externo 2

Na adxudicación destas prazas aplicarase a seguinte prelación:

- 1º. Para deportistas participantes nos xogos olímpicos, paralímpicos, campionato do mundo, campionato de Europa ou copa do mundo nos anos 2017 ou 2018 en probas olímpicas.
- 2º. Para deportistas que, no momento da solicitude da bolsa, estean entre os dous primeiros postos da clasificación nacional da súa categoría na presente tempada (2017/18).
- 3º. Para deportistas campións ou subcampións de España en modalidades olímpicas no ano 2017 ou 2018.

Prazas de elite

Orde de prioridades ata cubrir as prazas ofertadas:

- 1º. Deportistas maiores de 23 anos con participación nos últimos xogos olímpicos, xogos paralímpicos.
- 2º. Deportistas maiores de 23 anos participantes no campionato do mundo, campionato de Europa ou copa do mundo nos anos 2017 ou 2018 en modalidades olímpicas ou paralímpicas.

3°. Deportistas maiores de 23 anos que, no momento da solicitude da bolsa, estean entre os dous primeiros postos da clasificación nacional en modalidades e probas olímpicas.

4°. Deportistas maiores de 23 anos que participasen coa selección española durante os anos 2017 ou 2018 .

Obrigas do deportista bolseiro

A persoa deportista bolseira estará obrigada a:

- Cumprir o proxecto deportivo da súa federación.
- Realizar un número mínimo de adestramentos no proxecto deportivo, segundo o Regulamento de réxime interno do CGTD.
- Adestrar co técnico que lle asigne a súa federación.
- Participar nas competicións autonómicas, nacionais ou internacionais que a federación considere, principalmente en representación de Galicia, agás causa debidamente xustificada

OUTROS DATOS DE INTERESE

- A Secretaría Xeral para o Deporte reservase a posibilidade de cubrir ou non a totalidade das prazas ofertadas, en función do grao de cumprimento dos requisitos propostos para cada perfil.
- Unha comisión fará unha valoración das solicitudes presentadas en relación a tres aspectos fundamentais: deportivo, académico e socio-económico.

A Coruña, 24 de xullo de 2018



Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral en funcións da Federación Galega de Atletismo

ANEXO I
MODELO SOLICITUDE
(CUBRIR CON LETRA MAIÚSCULA)

APELIDOS	
NOME	
DATA NACEMENTO	
LUGAR DE NACEMENTO	
Nº DNI	
ENDEREZO	
LOCALIDADE	
PROVINCIA	
CÓDIGO POSTAL	
TELÉFONO	FIXO: MÓBIL:
EMAIL	
IDADE ACTUAL	
Estudios feitos no curso 2017/18	
Estudios a facer no curso 2018/19	
Promociona en xuño de 2018 (marcar a que corresponda)	SI NON
Indicar número de suspensos no curso 2017-18 en xuño (se procede)	Nº suspensos:
Nota media do expediente en xuño de 2018 (cubrir só se aprobou todo)	Nota media do expediente:

Nome e apelidos do adestrador actual					
Teléfono de contacto do adestrador actual	FIXO:		MÓBIL:		
Email do adestrador actual					
Club natempada 2017/18					
Club natempada 2018/19					
Modalidade/s atlética/s practicada/s					
Mellor/es marca/s realizada/s na tempada 2016/17					
Mellor/es marca/s realizada/s na tempada 2017/18					
Categoría na que competiu na tempada 2017/18					
TRES MELLORES RESULTADOS NOS CAMPIONATOS GALEGOS NAS TEMPADAS 2016-17 e 2017-18 (cubrir tódalas columnas)					
Campionato Galego	Categoría	Data	Modalidade	Resultado	Posto
TRES MELLORES RESULTADOS NOS CAMPIONATOS DE ESPAÑANAS TEMPADAS 2016-17 e 2017-18 (cubrir tódalas columnas)					
Campionato de España	Categoría	Data	Modalidade	Resultado	Posto

TRES MELLORES RESULTADOS NOS CAMPIONATOS INTERNACIONAIS COA SELECCIÓN ESPAÑOLA NAS TEMPADAS 2016-17 e 2017-18 (cubrir tódalas columnas)					
Campionato	Categoría	Data	Modalidade	Resultado	Posto
Posto no ranking nacional na tempada 2017/18					
Posúe a condición de DGAN (marcar a opción válida)		SI		NON	
Posúe a condición de DAN (marcar a opción válida)		SI		NON	
Está incluído no programa ADO ou ADOP (marcar a opción válida)		SI		NON	
Tipo de praza solicitada (marcar a opción válida)		RESIDENTE 1 RESIDENTE 2 EXTERNO 1 EXTERNO 2 ELITE			
PARA FORMALIZAR A SUA SOLICITUDE DEBE REMITIR POR CORREO ELECTRONICO E CORREO ORDINARIO ESTA SOLICITUDE E OS SEGUINTE DATOS ANTES DO <u>DE 6 AGOSTO DE 2018</u> (non se admitirán solicitudes que non sexan enviadas polos dous medios <u>conxuntamente</u>):					

PARA TODAS AS SOLICITUDES:

👉 Currículo deportivo completo da tempada 2016/17 e 2017/18

SÓ PARA AS SOLICITUDES DO GRUPO DE TECNIFICACIÓN (RESIDENTE 1 e EXTERNO 1)

👉 Expediente académico curso 2017/18

👉 Informe do adestrador (especificando tempo que leva adestrando, horas semanais adicadas ó adestramento, condicións... e outra información que sexa relevante) avalado e asinado polo responsable do sector ao que pertence o deportista segundo a modalidade atlética practicada.

ENVIAR A:

Federación Galega de Atletismo
A/A Carlos Castro
Avda de Glasgow, 13 - Complexo Deportivo de Elviña
15008 A Coruña
Mail: secretaria@atletismo.gal

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

RESOLUCIÓN do 13 de xullo de 2018, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de bolsas, en réxime de concorrencia competitiva, de tecnificación e rendemento deportivo para o Centro Galego de Tecnificación Deportiva para a tempada 2018/2019, e se procede á súa convocatoria.

A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, dedica o seu título II ás competencias das administracións públicas galegas en materia de deporte, establecendo no artigo 5 as competencias que lle corresponden á Administración autonómica, segundo o establecido no artigo 27.22 do Estatuto de autonomía de Galicia, especificando no punto 1 alínea m) a atribución desta Administración no fomento e regulación do deporte e dos deportistas de alto nivel de Galicia, así como os seus beneficios.

En prol da definición da política deportiva autonómica, fixando as directrices e programas de fomento e desenvolvemento do deporte galego dos seus diferentes niveis, a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia está a dotar ao deporte de alta competición, dos medios necesarios para a mellora do seu nivel técnico. Con este obxectivo establécense as bases reguladoras da concesión de bolsas, en réxime de concorrencia competitiva, de tecnificación e rendemento para o Centro Galego de Tecnificación Deportiva (en diante, CGTD) para a tempada 2018/2019, e se procede á súa convocatoria.

Para os efectos da presente resolución o CGTD dispón das instalacións situadas na cidade de Pontevedra, na rúa Padre Fernando Olmedo 1 e o Complexo Náutico e Campo de Regatas David Cal (Pontevedra-Verducido), así como as relativas ao Centro Galego de Vela, situado na Rampla de Cavadelo, s/n, na localidade de Vilagarcía de Arousa, todas elas clasificadas, xunto cos programas que nelas se desenvolven, polo Consello Superior de Deporte na Resolución do 27 de maio de 2014, publicada no BOE núm. 137, do 6 de xuño, como instalacións deportivas para o desenvolvemento do deporte de alto nivel e competición.

En consecuencia, en virtude das facultades que me confire o artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

CVE-DOG: wy13fqd2-i6p0-qzk2-7v57-swpqxqfj2f8



DISPOÑO:**CAPÍTULO I**
Disposicións comúns**Artigo 1. *Obxecto da convocatoria***

Establecer, mediante o procedemento con código PR952A, as bases reguladoras e proceder á convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva e con sometemento aos principios de publicidade, obxectividade, transparencia, igualdade, mérito e capacidade de bolsas para o CGTD, co fin de facilitar o adestramento dos deportistas de tecnificación e rendemento, creando un clima de adestramento e convivencia entre deportistas de diferentes especialidades deportivas, fomentando a educación integral dos deportistas que favoreza o seu desenvolvemento persoal e facilitando a mellora do seu rendemento deportivo coa finalidade de alcanzar o máximo nivel competitivo.

Artigo 2. *Presentación de solicitudes*

1. As solicitudes deberán ser presentadas polas federacións deportivas galegas de modalidades olímpicas e paralímpicas de deportes individuais que sexan compatibles cos servizos e instalacións do CGTD das seguintes seccións: atletismo nas especialidades de marcha e lanzamentos; bádminton; ximnasia acrobática, trampolín e artística; judo, karate; loita; natación; piragüismo en augas bravas (sláalom); piragüismo en augas tranquilas; remo; taekwondo; triatlón e vela, presentando candidatos se contan cun grupo de tecnificación e/ou rendemento con deportistas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 3 desta resolución e que se axusten á política deportiva autonómica establecida pola Secretaría Xeral para o Deporte.

2. As solicitudes deberán ser presentadas no modelo normalizado recollido como anexo I nesta resolución. O formulario da solicitude estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, no enderezo <https://sede.xunta.gal>.

3. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Se algunha das federacións presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.



Para a presentación das solicitudes, poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

4. Se a solicitude non reúne os requisitos exixidos, notificaráselle á federación para que, nun prazo de dez días, emende os erros ou presente os documentos preceptivos. Unha vez que transcorra o dito prazo sen que se produza a emenda, considerarase que desiste da súa petición.

5. Rematado o prazo de presentación de solicitudes e o establecido para a súa emenda, publicarase na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte e no seu taboleiro de anuncios as listaxes provisionais de admitidos, excluídos, con indicación da causa que orixina esta situación, e desistidos.

Artigo 3. *Dos beneficiarios*

1. Poderán ser beneficiarios das bolsas para deportistas no Centro Galego de Tecnificación Deportiva todas aquelas persoas deportistas que no momento de facer a solicitude cumpran os requisitos que se detallan a continuación:

- Ter nacionalidade española.
- Estar en posesión da licenza deportiva, na modalidade para a que se presenta a solicitude, emitida pola federación galega correspondente ou ben pola federación española correspondente no caso de que a federación galega da modalidade en cuestión non estivese integrada na federación española.

Poderase valorar, segundo informe técnico da comisión de selección e como caso excepcional, o incumprimento deste requisito unicamente nas bolsas de elite.

– Para os grupos de tecnificación, deberase pertencer a un club deportivo galego ou sociedade anónima deportiva dada de alta no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, así como estar empadroado nun municipio da Comunidade Autónoma de Galicia.

– As persoas deportistas propostas para praza de tecnificación deberán ter promocionado de curso na convocatoria ordinaria de xuño 2018 ou na extraordinaria de setembro 2018 (non se considera a promoción por imperativo legal). Excepcionalmente poderase considerar a posibilidade de repetición daqueles deportistas cuxas federacións xustifiquen que



participaron, con posibilidade de seguir participando, en campionatos de Europa, do mundo ou xogos olímpicos.

Non poderán obter a condición de beneficiarias, aquelas persoas que concorren nalguna das circunstancias establecidas a continuación:

- Non obter un «apto» na análise médica realizada polo equipo médico do CGTD previamente á formalización da matrícula.

- Ter un informe negativo da Dirección do CGTD e ratificado pola Secretaría Xeral para o Deporte a través da comisión de selección sobre o seu comportamento durante a súa estadía como bolseiro no Centro Galego de Tecnificación Deportiva durante o curso inmediatamente anterior ao desta convocatoria.

- Ter sanción en firme por dopaxe.

- Ter sanción en firme por algunha das infraccións previstas no artigo 14 do Real decreto 1591/1992, do 23 de decembro, sobre disciplina deportiva (BOE do 19 de febreiro de 1993).

- Ter sanción en firme por algunha das infraccións previstas no artigo 97 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

Artigo 4. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do



sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 5. *Prazo de presentación*

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes a partir do día seguinte á publicación da presente resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 6. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 7. *Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento*

1. Para a valoración dos méritos, a solicitude deberá vir acompañada da seguinte documentación:

Documentación	Unidades
Anexo II-Proxecto de tecnificación e/ou de rendemento para o curso 2018/19.	1
Anexo III-Proposta de equipo técnico. Documentación requirida no anexo III. – Adestrador deportivo de nivel III ou equivalente da modalidade deportiva correspondente (se é o caso). – Experiencia: acreditar un mínimo de 3 anos como adestrador coa titulación exixida ou ter a condición de DGAN ou estar no programa Eu Son DGAN. – Documento que indique o tipo de relación laboral prevista.	1 por persoa
Anexo IV-Adestrador responsable da sección deportiva: – Declaración de coñecemento das súas funcións e declaración de non estar en situación de incompatibilidade.	1



Documentación	Unidades
* Anexo V-Adestrador responsable de grupo: – Declaración de coñecemento das súas funcións.	1 por persoa
Anexo VI-Valoración dos deportistas.	1 por persoa

* En caso de haber adestradores de grupo.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das entidades interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos pola sede electrónica ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 8. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- DNI ou NIE da persoa adestradora.
- Consulta de títulos oficiais universitarios da persoa adestradora.
- Consulta de títulos oficiais non universitarios da persoa adestradora.

CVE-DOG: wy13fqd2-i6p0-qzk2-7v57-swpqxqfj12f8



– Consulta de inexistencia de antecedentes penais por delitos sexuais da persoa adestradora.

– NIF da entidade solicitante.

– DNI ou NIE da persoa representante.

– DNI ou NIE do/da presidente/a da Federación.

– NIF da entidade representante.

2. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 9. *Órgano instructor*

A instrución do procedemento para a concesión das bolsas correspóndelle á comisión de selección.

Artigo 10. *Comisión de selección*

1. A comisión de selección estará constituída por:

– Presidente: subdirector/a xeral de Plans e Programas da Secretaría Xeral para o Deporte.

– Vogal: director/a do CGTD.

– Vogal: subdirector/a do CGTD.

– Vogal: técnico da Secretaría Xeral para o Deporte.

– Secretario: funcionario/a da Secretaría Xeral para o Deporte.

2. As funcións da comisión de selección serán:

– Analizar a documentación presentada pola federación.

– Comprobar o cumprimento dos diferentes aspectos da convocatoria.



- Informar á federación dos aspectos que requiran ser modificados ou completados.
 - Valoración das solicitudes posteriormente á análise realizada delas.
 - Valoración e ratificación, se é o caso, dos informes emitidos pola Dirección do CGTD sobre a estadia como bolseiro, durante o curso escolar anterior a esta convocatoria, daqueles deportistas que soliciten a renovación da bolsa.
 - Formular proposta de resolución á persoa representante da Secretaría Xeral para o Deporte.
3. Finalizado o prazo para a presentación das solicitudes, a comisión de selección estudará a documentación presentada polas federacións deportivas (anexo II) e comprobará o cumprimento de todos os aspectos da convocatoria, sendo a federación deportiva galega a responsable da autenticidade dos datos achegados.
4. Unha vez valoradas as solicitudes por esta comisión, esta valoración será comunicada ás federacións deportivas solicitantes indicando:
- Listaxe provisional de baremo.
 - As federacións solicitantes.
 - Os deportistas bolseiros.
 - O réxime da bolsa solicitada e concedida.
 - Puntos concedidos.
 - Curso académico.
 - Nova solicitude ou renova bolsa.
5. A comisión de selección poderá modificar a orde da lista, eliminar algún dos candidatos presentados, ou introducir algún deportista de acordo cos criterios de selección establecidos.
6. A Secretaría Xeral poderá solicitar todas as xustificacións que considere necesarias sobre a orde en que os deportistas son propostos pola federación ou sobre a ausencia dalgún destacado deportista na lista.



Artigo 11. *Proposta de resolución*

1. A comisión de selección formulará unha proposta de resolución baseada nas maiores puntuacións obtidas.

2. Esta proposta de resolución provisional exporase a información pública, na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte, por un prazo de 10 días contados a partir do seguinte á data de publicación. Durante este prazo, os interesados poderán formular as alegacións que consideren pertinentes nos lugares e formas indicados para a presentación de solicitudes.

3. Se algún dos candidatos propostos tiver a intención de non aceptar a adxudicación da bolsa, deberá comunicalo expresamente dentro do prazo de alegacións e proporase ao seguinte con maior puntuación; ante o rexeitamento deste, ofreceráselle ao situado a continuación, e así sucesivamente ata a súa cobertura.

4. Logo de rematar o prazo de alegacións e examinadas estas, se as houber, formularase a proposta de resolución definitiva.

Artigo 12. *Resolución*

1. O prazo máximo para resolver a convocatoria será de catro meses, contados a partir da data de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. De non se resolver neste prazo, as solicitudes entenderanse desestimadas.

2. Baseándose na proposta de resolución definitiva, a persoa titular da Secretaría Xeral para o Deporte ditará resolución pola que se adxudican as bolsas de tecnificación e rendemento deportivo para o Centro Galego de Tecnificación Deportiva para a tempada 2018/2019. Esta resolución publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, exporase na web institucional da Secretaría Xeral para o Deporte e notificaráselles ás correspondentes federacións deportivas, con indicación das federacións, os deportistas bolseiros e o réxime da bolsa concedida.

3. Notificada a resolución polo órgano concedente, o beneficiario disporá dun prazo de dez días para a súa aceptación; transcorrido este sen que se produza manifestación expresa, entenderase desistido da solicitude formulada.

4. As baixas que se produzan unha vez publicada a listaxe definitiva teñen que ser comunicadas inmediatamente e por escrito pola Federación á dirección de correo cgtd@xunta.gal para que poidan ser cubertas.



As baixas cubriranse, se así o considera oportuno a Secretaría Xeral para o Deporte, con deportistas pertencentes a calquera das federacións con presenza no CGTD seguindo a lista de espera dos deportistas valorados e que non acadaron praza.

No caso do grupo de tecnificación, poderase ter en conta, por cuestións organizativas da residencia, que cumpran cos requisitos de curso e xénero do deportista que causou baixa, e que a organización da residencia permita.

No caso de que haxa baixas no grupo de rendemento, as federacións poderán solicitar cubrila con deportistas non presentes na listaxe inicial, sempre que cumpran cos requisitos establecidos da presente convocatoria. Para isto disporán dun segundo prazo de achega de documentación no grupo de rendemento que rematará o 30 de setembro. Neste caso, as federacións deberán achegar cuberto, antes das 14.30 horas do día en que remata o prazo, o anexo VI referido á persoa deportista proposta. Deberá presentarse a documentación por medios electrónicos a través da carpeta do cidadán.

5. A concesión e a percepción da bolsa non implica ningún tipo de relación laboral, ou de natureza similar, entre a Xunta de Galicia e as persoas beneficiarias.

6. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da bolsa e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 13. *Obrigas do deportista bolseiro*

A persoa deportista bolseira estará obrigada a:

- Cumprir o proxecto deportivo da súa federación.
- Realizar un número mínimo de adestramentos no proxecto deportivo, segundo o Regulamento de réxime interno do CGTD.
- Adestrar co técnico que lle asigne a súa federación.
- Participar nas competicións autonómicas, nacionais ou internacionais que a federación considere, principalmente en representación de Galicia, agás causa debidamente xustificada.

CVE-DOG: wy13fqd2-i6p0-qzk2-7v57-swpqxqfj2f8



- Someterse aos controis de dopaxe segundo a normativa en vigor.
- Pasar o control médico obrigatorio nos servizos médicos do CGTD.
- Formalizar o seu ingreso previamente á súa incorporación nas oficinas do CGTD.
- Cumprir a normativa contida no Regulamento de réxime interno do CGTD.
- Cumprir os requisitos establecidos no artigo 3 da convocatoria, para ser beneficiario, durante o tempo de duración da bolsa.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Artigo 14. *Obrigas das federacións deportivas solicitantes*

1. As federacións quedarán obrigadas a publicar nas súas páxinas web esta convocatoria, así como unha relación dos deportistas que manifestaron o seu interese para seren incluídos no seu proxecto deportivo.

2. As federacións deportivas galegas, relacionadas no artigo 2, sobre unha base dun proxecto deportivo integral, en que figure un grupo de adestramento e unha cobertura técnica suficiente que garante a preparación dos deportistas, tal e como se especifica no anexo II, deberán realizar un estudo previo de todos os deportistas recollidos no proxecto deportivo.

3. No número 10 do índice do proxecto deportivo (anexo II), as federacións deberán incluír a todos os deportistas que en tempo e forma solicitaron formar parte desta listaxe. Se algún dos deportistas non cumpre todos os requisitos establecidos no artigo 3 desta convocatoria, a federación deberá indicalo con claridade.

4. No caso dos deportistas propostos por primeira vez (nova admisión) para o grupo de tecnificación, as federacións deberán solicitar ás familias copia do boletín de notas de xuño de 2018 ou ben un certificado de notas, que despois deben incorporar ao anexo VI de cada deportista.



Artigo 15. *Doutras obrigas das federacións*

1. As federacións disporán dun equipo técnico para o correcto desenvolvemento do proxecto deportivo presentado (anexo II), en todo caso atendendo ao establecido nesta convocatoria. A relación laboral entre os membros do equipo técnico e a federación deportiva da que dependen, deberá axustarse en todo momento á lexislación laboral vixente. En ningún caso este persoal federativo gardará relación laboral ou doutro tipo coa Secretaría Xeral para o Deporte.

2. O equipo técnico deberá cumprir o establecido na Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia (BOE do 29 de xullo) e estará formado por:

- Un adestrador responsable da sección deportiva obrigatoriamente.
- Un substituto nomeado para cubrir as ausencias do responsable obrigatoriamente.
- Un ou varios adestrador/es responsable/s de grupo con carácter opcional.

3. O adestrador responsable da sección deportiva será a persoa con maior responsabilidade desa sección deportiva no CGTD e deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Titulación: licenciado ou grado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte, ou título de Técnico Deportivo Superior, ou Adestrador Deportivo de nivel III ou equivalente da modalidade deportiva correspondente.

b) Experiencia: acreditar un mínimo de 3 anos como adestrador coa titulación exixida ou ter ou ter tido a condición de DGAN.

c) Non estar afectado por incompatibilidade.

d) Deberá estar presente nos adestramentos.

4. O adestrador de grupo terá a responsabilidade do seu grupo de adestramento e deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Titulación: licenciado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte, ou título de Técnico Deportivo Superior, ou Adestrador Deportivo de nivel III ou equivalente da modalidade deportiva correspondente.



b) Non estar afectado por incompatibilidade.

c) Deberá estar presente nos adestramentos do seu grupo.

5. Os membros do equipo técnico non poderán adestrar a outros deportistas no horario do grupo de adestramento do CGTD sen autorización da Dirección.

6. As funcións dos adestradores serán as recollidas nos anexos IV e V da presente convocatoria.

Sen prexuízo do anteriormente dito, a Secretaría Xeral para o Deporte poderá desestimar a proposta do responsable dos programas e/ou doutros membros do equipo técnico feita pola federación deportiva que solicita a autorización, fundamentando a súa decisión no incumprimento dalgún dos requisitos anteriores, ou ben por informe desfavorable por parte da comisión de selección, fundamentado por unha falta de compromiso co proxecto educativo do centro entre outras posibles causas.

Artigo 16. *Réxime de recursos*

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente resolución de convocatoria porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interporse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante a Secretaría Xeral para o Deporte no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 17. *Revogación*

1. Dunha bolsa.

A bolsa concedida a un deportista poderá ser obxecto de expediente de perda de dereito ou de reintegro, ademais de polas causas establecidas na normativa reguladora das axudas, polas seguintes causas:



- Inadaptación ás normas de convivencia.
- Dar positivo nun control de dopaxe ou negarse a pasalo.
- Se o recoñecemento médico do CGTD conclúe que non é apto.
- Poderase cancelar a bolsa porque así o solicite o deportista ou os seus pais/titores legais, no caso de ser menores de idade, sempre que veña motivada por causas xustificables.
- Igualmente poderase cancelar por motivos disciplinarios no caso de faltas moi graves segundo o regulamento de réxime interno do centro.

2. Dun programa.

Os programas poderán ser revogados ao longo do curso a instancia do presidente da federación galega correspondente, co acordo da asemblea xeral da súa federación.

CAPÍTULO II

Bolsas para as instalacións do CGTD situadas en Pontevedra

Artigo 18. *Natureza das bolsas*

1. Grupo de tecnificación.

Poderán ser beneficiarios de bolsas do grupo de tecnificación as persoas deportistas que fagan 14 a 17 anos no 2018 (nados nos anos 2004, 2003, 2002 e 2001). Excepcionalmente poderanse atender solicitudes que por razóns académicas non se axusten ao rango de idade sinalado: alumnos de altas capacidades que, previa autorización da Consellería de Educación cursen 3º de ESO con menos de 15 anos e alumnos de 2º de bacharelato que por ter repetido algún curso, antes do seu ingreso no CGTD, superen os 18 anos.

- Praza de residente 1: bolseiros que residan fóra do radio de 3 km á redonda do CGTD.

Beneficios da praza: matrícula no IES adscrito ao centro, aloxamento (de domingo a xoves) e manutención completa (de luns a venres), servizo de lavandería, incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, instalacións deportivas, servizo médico-deportivo, servizo de fisioterapia e titoría.



– Praza de externo 1: bolseiros que residan dentro do radio de 3 km á redonda do CGTD.

Beneficios da praza: matrícula no IES adscrito ao centro, xantar no comedor da residencia (de luns a venres), incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, instalacións deportivas, servizo médico-deportivo, servizo de fisioterapia e tutoría.

2. Grupo de rendemento.

Poderán ser beneficiarios de bolsas do grupo de rendemento os deportistas de máis de 18 anos.

– Praza de residente 2: deportistas que fagan de 18 a 23 anos no 2018 (nados do ano 2000 ao 1995) que residan fóra do radio de 3 km á redonda do CGTD.

Beneficios da praza: aloxamento (de luns a domingo) e manutención completa (de luns a venres), servizo de lavandaría, incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, instalacións deportivas, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia.

– Praza de externo 2: deportistas que fagan de 18 a 23 anos no 2018 (nados do ano 2000 ao 1995).

Beneficios da praza: xantar no comedor da residencia (de luns a venres), incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, instalacións deportivas, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia.

– Elite: deportistas maiores de 23 anos (nados no ano 1994 ou anteriores).

Beneficios da praza: xantar no comedor da residencia (de luns a venres), instalacións deportivas, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia.

A adxudicación do tipo de praza (externo 2, ou elite) está determinada ademais pola aplicación dos criterios establecidos no artigo 23 desta convocatoria.

– Os deportistas galegos de alto nivel (DGAN) que non sexan bolseiros en ningún dos puntos anteriores, poderán presentar unha solicitude directamente ao CGTD, na dirección cgtd@xunta.gal, para o uso das instalacións deportivas, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia. Estas serán concedidas directamente pola dirección do centro segundo a dispoñibilidade dos espazos, horarios e instalacións.



Artigo 19. Número de bolsas

Convócanse un máximo de 160 prazas.

– Grupo de tecnificación:

- 102 prazas (ata un máximo de 88 residentes 1) a distribuír entre os cursos 3º e 4º da ESO e 1º e 2º de bacharelato tendo en conta unha distribución ponderada e o límite de alumnado por curso establecido pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

– Grupo de rendemento:

- Residente 2, ata 12 prazas (non podendo ser máis de 8 do mesmo sexo e como máximo 4 da mesma sección deportiva).

- Externo 2, e elite, ata un máximo de 46 prazas a decisión da comisión de selección segundo os criterios establecidos no punto sexto da convocatoria.

A Secretaría Xeral para o Deporte, vista a proposta da comisión de selección, poderá cubrir ou non a totalidade das prazas ofertadas.

A Secretaría Xeral para o Deporte, reserva unha porcentaxe de non máis do 10 % das prazas que poderá cubrir en función de situacións extraordinarias non recollidas nesta resolución sempre cumprindo uns criterios de excelencia deportiva e nivel académico acordes coas bases desta convocatoria. As prazas asignadas para cada sección deportiva, no caso de non cubrirse, pasarán á cota da Secretaría Xeral para o Deporte que poderá cubrir en función de situacións extraordinarias non recollidas nesta resolución sempre cumprindo uns criterios de excelencia deportiva e nivel académico acordes coas bases desta convocatoria.

Naquelas seccións que non cubran o 50 % das prazas ou cando se cumpra a dita porcentaxe, se á vista das solicitudes presentadas non se puideran cumprir os obxectivos do programa deportivo da federación, a Secretaría Xeral para o Deporte poderá non conceder as bolsas solicitadas.

Artigo 20. Duración das bolsas

A duración das bolsas será desde o 15 de setembro de 2018 ata o 31 de xullo de 2019, exceptuando o grupo de residentes 1 (de tecnificación) que rematará a última semana do período lectivo.

CVE-DOG: wy13fqd2-i6p0-qzk2-7v57-swpxqqfj2f8



CAPÍTULO III

Dos criterios de valoración

Artigo 21. *Criterios de valoración*

1. Todos os méritos que se valorarán nos criterios deportivos e académicos que a seguir se detallan, deberán estar debidamente reflectidos no anexo VI desta convocatoria.

2. Valoraranse os criterios deportivos da modalidade deportiva e especialidade para a cal solicitan a bolsa ao CGTD.

3. Para a sección de triatlón, nas probas de acuatlón e duatlón, terán un valor da metade de puntos, sobre a modalidade olímpica.

4. Non serán valorados os méritos deportivos acadados nos campionatos de España de clubs, nos campionatos de España por seleccións autonómicas, nin tampouco en copas ou competicións internacionais de clubs.

5. Non serán susceptibles de valoración os resultados acadados en embarcacións de equipo formadas por máis de dous deportistas ou en competicións por equipo (por exemplo nas probas de remuda de atletismo) coa excepción dos resultados obtidos en competicións internacionais formando parte da selección española. Neste último caso a valoración será a puntuación do resultado entre o número de compoñentes da proba de equipo. Como excepción teranse en conta os resultados en probas de bateis en categoría infantil para a sección de remo.

6. Non se valorarán os resultados deportivos acadados en categorías máster, veteranos ou similar.

Artigo 22. *Criterios de valoración para os deportistas de tecnificación*

1. Criterios deportivos.

A valoración do rendemento deportivo vai variar en función da categoría en que o deportista proposto compete no ano en que se publica esta convocatoria de bolsas, e do seu ano de nacemento, quedando como seguen:

a) Para valorar os deportistas nados nos anos 2004, 2003, 2002 ou 2001 (máximo de 15 puntos):



– Mellor resultado no campionato de España do ano 2017 ou 2018 (de 10 a 2 puntos):

- 1º posto: 10 puntos.
- 2º posto: 9 puntos.
- 3º posto: 8 puntos.
- 4º posto: 7 puntos.
- 5º posto: 6 puntos.
- 6º posto: 5 puntos.
- 7º posto: 4 puntos.
- 8º posto: 3 puntos.
- 9º posto: 2 puntos.

– Mellor resultado no campionato galego do ano 2017 ou 2018 (de 5 a 1 punto):

- 1º posto: 5 puntos.
- 2º posto: 4 puntos.
- 3º posto: 3 puntos.
- 4º posto: 2 puntos.
- 5º posto: 1 punto.

b) Para valorar os deportistas nados no ano 2003 ou posteriores, nas modalidades en que non haxa campionato de España na categoría infantil, e así o especifiquen no anexo II desta convocatoria, a valoración do resultado no campionato galego será o seguinte (máximo de 13 puntos):

- 1º posto: 13 puntos.
- 2º posto: 12 puntos.



– 3º posto: 11 puntos.

– 4º posto: 10 puntos.

– 5º posto: 9 puntos.

– 6º posto: 8 puntos.

– 7º posto: 7 puntos.

c) Deportistas que competiron formando parte da selección española en modalidades e probas olímpicas nos anos 2017 e 2018 escollendo só unha das seguintes competicións (máximo 7 puntos).

– Se competiron nos campionatos do mundo: 7 puntos.

– Se competiron nos campionatos de Europa: 6 puntos.

– Se competiron en copas do mundo: 5 puntos.

– Se competiron en copas de Europa: 4 puntos.

d) As federacións poderán outorgar puntos adicionais aos deportistas de tecnificación segundo a orde establecida no punto 10.1.a) do anexo II desta convocatoria, quedando do seguinte xeito:

– 1º da lista: 5 puntos adicionais.

– 2º da lista: 4,5 puntos adicionais.

– 3º da lista: 4 puntos adicionais.

– 4º da lista: 3,5 puntos adicionais.

– 5º da lista: 3 puntos adicionais.

– 6º da lista: 2,5 puntos adicionais.

– 7º da lista: 2 puntos adicionais.



- 8º da lista: 1,5 puntos adicionais.
- 9º da lista: 1 punto adicional.
- 10º da lista: 0,5 puntos adicionais.

Ademais, para ter en conta a orde de prioridades establecida por cada sección do CGTD no anexo II, outorgaríanselle puntos adicionais a cada deportista de tecnificación, en función das avaliacións realizadas durante a súa estadía no CGTD. Para as novas incorporacións a puntuación terá que ser avalada por un informe do adestrador responsable da sección deportiva, onde xustifique, con criterios técnicos obxectivos, a puntuación do deportista (datos antropométricos, progresión deportiva, condicións de adestramento, etc.), reflectida no punto 10.1.b) do anexo II desta convocatoria, quedando así:

- 1º da lista: 5 puntos adicionais.
- 2º da lista: 4,5 puntos adicionais.
- 3º da lista: 4 puntos adicionais.
- 4º da lista: 3,5 puntos adicionais.
- 5º da lista: 3 puntos adicionais.
- 6º da lista: 2,5 puntos adicionais.
- 7º da lista: 2 puntos adicionais.
- 8º da lista: 1,5 puntos adicionais.
- 9º da lista: 1 punto adicional.
- 10º da lista: 0,5 puntos adicionais.

2. Criterios académicos.

- Se remata en xuño con todo aprobado e cunha nota superior a 8: 5 puntos.
- Se remata en xuño con todo aprobado e cunha nota media entre 6 e 8: 4 puntos.
- Se remata en xuño con todo aprobado e cunha nota media inferior ao 6: 2 puntos.

CVE-DOG: wy13fqd2-i6p0-qzk2-7v57-swpqxqfj2f8



3. Criterio de actitude.

No caso de deportistas que aspiren a renovar a súa bolsa de tecnificación, terase en conta a valoración final residencial sobre o grao de aproveitamento e adaptación aos servizos residenciais conforme as normas de convivencia durante o curso 2017/18, emitida pola dirección do centro, da seguinte forma:

Valoración final satisfactoria: 2 puntos.

Valoración final mellorable: 1 punto.

Valoración final non satisfactoria: -2 puntos.

4. Criterios de desempate no grupo de tecnificación.

A prelación de criterios será:

1. O deportista bolseiro o ano anterior que opte por renovar a súa praza no CGTD fronte ao que se incorpora ao centro por primeira vez.

2. O que obtivo maior puntuación na valoración do rendemento deportivo.

3. O que tivese a nota media máis alta en xuño no expediente académico do derradeiro curso.

4. O de menor idade.

5. Orde alfabética de apelidos e nome iniciando pola letra G conforme ao sorteo feito pola Consellería de Facenda no ano 2018, e publicado no *Diario Oficial de Galicia* do 26 de xaneiro de 2018.

5. Cota de prazas de tecnificación.

As prazas do grupo de tecnificación distribuiranse entre as modalidades e especialidades deportivas do seguinte xeito:

Atletismo: 2 para marcha e 4 para lanzamentos.

Bádminton: 7.



Ximnasia acrobática e deportiva: 1.

Judo: 10.

Karate: 4.

Loita: 10.

Natación: 10.

Piragüismo sláalom: 6.

Piragüismo AT: 20.

Remo: 6.

Taekwondo: 10.

Tríatlon: 8.

Vela: 4.

Artigo 23. Criterios de valoración para os deportistas de rendimento

As prazas do grupo de rendimento distribuiranse entre as mesmas modalidades e especialidades deportivas que o grupo de tecnificación.

1. Prazas de residente 2.

a) Deportistas que acadaron un resultado entre os 12 primeiros, nos derradeiros xogos olímpicos ou paralímpicos, ou campionato do mundo da súa categoría en modalidades e probas olímpicas, ata 12 puntos:

– 1º posto: 12 puntos.

– 2º posto: 11 puntos.

– 3º posto: 10 puntos.

– 4º posto: 9 puntos.



- 5º posto: 8 puntos.
- 6º posto: 7 puntos.
- 7º posto: 6 puntos.
- 8º posto: 5 puntos.
- 9º posto: 4 puntos.
- 10º posto: 3 puntos.
- 11º posto: 2 punto.
- 12º posto: 1 punto.

b) Deportistas que acadaron un resultado entre os 9 primeiros, no derradeiro campionato de Europa da súa categoría en modalidades e probas olímpicas, ata 9 puntos:

- 1º posto: 9 puntos.
- 2º posto: 8 puntos.
- 3º posto: 7 puntos.
- 4º posto: 6 puntos.
- 5º posto: 5 puntos.
- 6º posto: 4 puntos.
- 7º posto: 3 puntos.
- 8º posto: 2 puntos.
- 9º posto: 1 punto.

c) Deportistas que no curso anterior 2017/18 estiveron formando parte dun grupo de tecnificación no CGTD: 2 puntos. Deportistas que estiveron o ano anterior como residentes, 1 punto. Cando o deportista que renove teña un informe negativo da dirección do CGTD,



nota de convivencia ou valoración final non satisfactoria, este punto non será valorado. Este criterio non será valorado se non se obtén ningún punto nas epígrafes anteriores.

d) Criterios de desempate no grupo de residente 2.

A prelación de criterios será:

1. O deportista que opte por renovar a súa praza no CGTD.

2. O que obtivo unha maior puntuación sumando os puntos correspondentes ao posto obtido no último campionato de Europa e no último campionato de mundo, xogos olímpicos ou paralímpicos.

3. En caso de continuar o empate, entraría o deportista que obtivo un mellor posto no último campionato do mundo.

4. O de menor idade.

5. Orde alfabética de apelidos e nome iniciando pola letra G conforme o sorteo feito pola Consellería de Facenda no ano 2018, e publicado no *Diario Oficial de Galicia* do 26 de xaneiro de 2018.

g) O deportista que solicitando unha bolsa de residente 2, no grupo de rendemento, non conseguise acceder a ela, pasará a lista de candidatos ao resto de bolsas de rendemento, segundo os méritos alegados e os criterios recollidos nesta convocatoria.

2. Prazas de externo 2.

Na adxudicación destas prazas aplicarase a seguinte prelación.

1º. Para deportistas participantes nos xogos olímpicos, paralímpicos, campionato do mundo, campionato de Europa ou copa do mundo nos anos 2017 ou 2018, en probas olímpicas.

2º. Para deportistas que, no momento da solicitude da bolsa, estean entre os 2 primeiros postos da clasificación nacional da súa categoría na tempada 2017/2018, en probas olímpicas.

3º. Para deportistas campións ou subcampións de España en modalidades e probas olímpicas no ano 2017 ou 2018.

CVE-DOG: wy13fqd2-i6p0-qzk2-7v57-swpqxqfj2f8



3. Prazas de elite.

Orde de prioridades ata cubrir as prazas ofertadas.

1º. Deportistas maiores de 23 anos con participación nos últimos xogos olímpicos, xogos paralímpicos.

2º. Deportistas maiores de 23 anos participantes no campionato do mundo, campionato de Europa ou copa do mundo nos anos 2017 ou 2018 en modalidades e probas olímpicas ou paralímpicas.

3º. Deportistas maiores de 23 anos que, no momento da solicitude da bolsa, estean entre os 2 primeiros postos da clasificación nacional en modalidades e probas olímpicas.

4º. Deportistas maiores de 23 anos que participasen coa selección española durante os anos 2017 ou 2018 en modalidades e probas olímpicas.

Artigo 24. *Criterios de selección*

En caso de que houberse máis candidatos que prazas dispoñibles para acceder ás bolsas de rendemento correspondentes a externo 2 ou a elite, procederíase segundo os criterios a continuación sinalados por orden de prioridade:

1. Os que ocupasen unha praza de elite sobre os que ocupase unha de externo 2.
2. Os que renovasen a súa bolsa fronte aos que se incorporasen por primeira vez ao centro.

CAPÍTULO IV **Doutras disposicións**

Artigo 25. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, a Secretaría Xeral para o Deporte publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas



axudas e as sancións que, como consecuencia delas, se puider impoñeren nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

3. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitiranse á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 26. *Datos de carácter persoal*

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Secretaría Xeral para o Deporte coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

CVE-DOG: wy13fqd2-i6p0-qzk2-7v57-swpqxqfj2f8



As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Artigo 27. *Réxime xurídico*

O réxime xurídico aplicable a esta convocatoria é o seguinte: Lei 9/2007, do 13 de xuño (DOG número 121, do 25 de xuño), de subvencións de Galicia, Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro (DOG número 20, do 29 de xaneiro), polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, os preceptos declarados básicos pola disposición derradeira primeira da Lei 38/2003, do 17 de novembro (BOE número 276, do 18 de novembro), xeral de subvencións, Real decreto 887/2006, do 21 de xullo (BOE número 176, do 25 de xullo), polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e demais normativa de xeral aplicación.

Artigo 28. *Recursos*

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a persoa titular da Secretaría Xeral para o Deporte, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 a 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición adicional única

Os deportistas seleccionados pola Federación Galega de Vela para o uso do Centro Galego de Vela, situado en Vilagarcía de Arousa, nas clases olímpicas de tecnificación, así como de alto rendemento con programas encamiñados a Tokio 2020 e con 16 anos cumpridos en adiante, tras a súa correspondente revisión e publicación por parte da Secretaría Xeral para o Deporte, terán os beneficios de servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia no Centro Galego de Tecnificación Deportiva.



A duración dos beneficios será desde o 15 de setembro de 2018 ata o 14 de setembro de 2019.

Disposición derradeira primeira

A persoa titular da Secretaría Xeral para o Deporte poderá ditar, no ámbito das súas competencias, cantos actos e medidas sexan precisos para o desenvolvemento desta resolución.

Disposición derradeira segunda

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2018

Marta Míguez Telle
Secretaría xeral para o Deporte

CVE-DOG: wy13fqd2-i6p0-qzk2-7v57-swpqxqfj2f8





XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
BOLSAS DE TECNIFICACIÓN E RENDEMENTO DEPORTIVO NO CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA	PR952A	SOLICITUDE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE							
RAZÓN SOCIAL							NIF
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
EN CALIDADE DE			

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Notifíquese a: ☐ Entidade solicitante ☐ Persoa ou entidade representante	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal. Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DA SOLICITUDE
FEDERACIÓN DEPORTIVA GALEGA DE
SOLICITA PARA O CURSO 2018/19
☐ GRUPO DE TECNIFICACIÓN ☐ GRUPO DE RENDEMENTO

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA
- Que os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos. - Que acepta as bases da convocatoria de subvención establecidas na resolución. - Que presenta o proxecto de tecnificación ou rendemento polo menos coas seguintes epígrafes. - Equipo técnico: propostas de persoa adestradora responsable da sección deportiva e as persoas adestradoras responsables de grupo. - Obxectivos xerais do programa de tecnificación e/ou rendemento. - Criterios metodolóxicos xerais. - Temporalización do curso. - Competicións de referencia en 2018. - Competicións de referencia en 2019. - Relación completa das solicitudes recibidas. - Relación, por orde de preferencia, de deportistas propostos para o curso 2017/18. Reflectir tanto os que renovan praza como as novas incorporacións. - Achega directa da federación española correspondente ao programa de tecnificación e/ou rendemento do centro. - Outra información de interese (resumo do plan de tecnificación da federación deportiva, convenios subscritos con outras federacións, etc.).

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: wy13fqd2-i6p0-qzk2-7v57-swpqxqfj2f8



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>




XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

ANEXO I (continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Anexo II. Proxecto de tecnificación e/ou rendemento para o curso 2018/19.
- ☐ Anexo III. Proposta equipo técnico.
- ☐ Anexo IV. Persoa adestradora responsable da sección deportiva: declaración de coñecemento das súas funcións e declaración de non estar en situación de incompatibilidade.
- ☐ Anexo V. Persoa adestradora responsable de grupo: declaración de coñecemento das súas funcións.
- ☐ Anexo VI. Valoración das persoas deportistas.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas.

NIF da entidade solicitante

DNI ou NIE da persoa representante

NIF da entidade representante

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

Actualización normativa: no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 13 de xullo de 2018, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de bolsas, en réxime de concorrência competitiva, de tecnificación e rendemento deportivo para o Centro Galego de Tecnificación Deportiva para a tempada 2018/2019, e se procede á súa convocatoria.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

galicia

Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra



SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>




XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte

ANEXO II

PROXECTO DE TECNIFICACIÓN E/OU RENDEMENTO DEPORTIVO NO CGTD PARA O CURSO 2018/19

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

FEDERACIÓN DEPORTIVA GALEGA DE

ÍNDICE DO PROXECTO DEPORTIVO

1. Equipo técnico: propostas de persoa adestradora responsable da sección deportiva e as persoas adestradoras responsables de grupo.
2. Obxectivos xerais do programa de tecnificación e/ou rendemento.
3. Criterios metodolóxicos xerais.
4. Temporalización do curso.
5. Competicións de referencia en 2017.
6. Competicións de referencia en 2018.
7. Relación completa das solicitudes recibidas.
8. Relación, por orde de preferencia, de deportistas propostos para o curso 2018/19. Reflectir tanto os que renovan praza como as novas incorporacións.
9. Achea directa da federación española correspondente ao programa de tecnificación e/ou rendemento do centro.
10. Outra información de interese (resumo do plan de tecnificación da federación deportiva, convenios subscritos con outras federacións, etc.).

1. EQUIPO TÉCNICO

1.1. Proposta da persoa adestradora responsable da sección deportiva

Nome e apelidos		
Responsable (sinalar cun x)	Tecnificación	Rendemento
Titulación académica		
Titulación deportiva		
Anos de experiencia		

1.2. Proposta da persoa adestradora substituta da persoa responsable da sección deportiva

Nome e apelidos		
Responsable (sinalar cun x)	Tecnificación	Rendemento
Titulación académica		
Titulación deportiva		
Anos de experiencia		

1.3. Proposta da/das persoa/s adestradora/s responsable/s de grupo/s

Nome e apelidos		
Responsable (sinala cun x)	Tecnificación	Rendemento
Titulación académica		
Titulación deportiva		

CVE-DOG: wy13fqd2-i6p0-qzk2-7v57-swpqxqfj2f8


**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

2. OBXECTIVOS XERAIS**2.1. Programa de tecnificación**

Obxectivos a curto prazo (2019)

Obxectivos a medio prazo (ata o 2020)

Obxectivos a longo prazo (> 2020)

2.2. Programa de rendemento

Obxectivos a curto prazo (2019)

Obxectivos a medio prazo (ata o 2020)

Obxectivos a longo prazo (>2020)

3. CRITERIOS METODOLÓXICOS XERAIS

CVE-DOG: wy13fqd2-i6p0-qzk2-7v57-swpqxqfj2f8



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

4. TEMPORALIZACIÓN DO CURSO

Macro ciclo	Data inicio	Data remate	Obxectivos xerais

5. COMPETICIÓNS DE REFERENCIA NO ANO 2018 (ESPECIFICAR POR IDADES)

ÁMBITO AUTONÓMICO

Competición	Categoría	Data

ÁMBITO NACIONAL

Competición	Categoría	Data

ÁMBITO INTERNACIONAL (coa selección española)

Competición	Categoría	Data

6. COMPETICIÓNS DE REFERENCIA NO ANO 2019 (ESPECIFICAR POR IDADES)

ÁMBITO AUTONÓMICO

Competición	Categoría	Data

CVE-DOG: wy13fqd2-i6p0-qzk2-7v57-swpqxqfj12f8



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

ÁMBITO NACIONAL

Competición	Categoría	Data

ÁMBITO INTERNACIONAL (coa selección española)

Competición	Categoría	Data

CVE-DOG: wy13fqd2-i6p0-qzk2-7v57-swpqxqfj2f8



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte

7. RELACIÓN COMPLETA DAS SOLICITUDES RECIBIDAS NA FEDERACIÓN:

Nº	NOME E APELIDOS	ANO DE NACEMENTO	MODALIDADE	MÉRITOS DEPORTIVOS (INDICAR SÓ OS QUE DARÍAN LUGAR Á PRAZA SOLICITADA)	DATA DE OBTENCIÓN DO MÉRITO DEPORTIVO ALEGADO
1					
2					
3					
4					
5					
6					
7					
8					
9					
10					
11					
12					
13					
14					
15					
16					
17					
18					
19					
20					
21					
22					
23					
24					
25					

Relación das solicitudes recibidas que non cumpren algún dos requisitos establecidos no artigo 10 da convocatoria

Nº	NOME E APELIDOS	REQUISITO COMO POSIBLE BENEFICIARIO, QUE INCUMPRE
1		
2		
3		
4		
5		

CVE-DOG: wy13fqd2-i6p0-qzk2-7v57-swpqxqfj2f8

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte

8. RELACIÓN, POR ORDE DE PREFERENCIA, DE DEPORTISTAS PROPOSTOS/AS PARA O CURSO 2018/19 (incluír todas as solicitudes recibidas que cumpran cos requisitos de beneficiarios).

8.1.a) Grupo de tecnificación. Relación da Federación.

	Nome e apelidos	Ano nacemento	Praza ¹	Persoa adestradora ²	Ano escolar 2017/18		Ano escolar 2018/19
					Curso	Nº materias suspensas	Curso
1							
2							
3							
4							
5							
6							
7							
8							
9							
10							
11							
12							
13							
14							
15							

¹Tipo de praza: residente, externo 1

²Proposto no equipo técnico (punto 1 deste anexo)

8.1.b) Grupo de tecnificación. Relación da persoa adestradora responsable avalada pola dirección do CGTD.

	Nome e apelidos	Ano nacemento	Praza ¹	Persoa adestradora ²	Ano escolar 2017/18		Ano escolar 2018/19
					Curso	Nº materias suspensas	Curso
1							
2							
3							
4							
5							
6							
7							
8							
9							
10							
11							
12							
13							
14							
15							

¹Tipo de praza: residente, externo 1

²Proposto no equipo técnico (punto 1 deste anexo)

8.2. Grupo de rendemento

	Nome e apelidos	Ano nacemento	Praza ¹	Persoa adestradora
1				
2				
3				
4				
5				
6				
7				
8				
9				
10				
11				
12				





XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA


Secretaría Xeral para o Deporte

13				
14				
15				

¹ Tipo de praza: residente2, externo 2, elite.

9. Achega directa da federación española correspondente ao programa de tecnificación e/ou rendemento do centro

10. OUTRA INFORMACIÓN DE INTERESE



CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA DE PONTEVEDRA

CVE-DOG: wy13fqd2-i6p0-qzk2-7v57-swpqxqfj12f8



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

ANEXO III

PROPOSTA EQUIPO TÉCNICO (preséntase un por cada persoa que forma parte do equipo técnico)

PRESIENTE/A DA ENTIDADE

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

DATOS DA PERSOA ADESTRADORA

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

TITULACIÓN ACADÉMICA / DEPORTIVA

FORMACIÓN DEPORTIVA / FEDERATIVA

ANOS EXERCENDO COMO PERSOA ADESTRADORA TEN O RECOÑECIMENTO DE DEPORTISTA GALEGO DE ALTO NIVEL OU ESTÁ NO PROGRAMA EU SON DGAN? ☐ SI ☐ NON

CARGO QUE OCUPA NO GRUPO DE ADESTRAMENTO (punto 1 do anexo II: equipo técnico)

CINCO MELLORES RESULTADOS EXERCENDO COMO PERSOA ADESTRADORA

1.
2.
3.
4.
5.

A PERSOA ADESTRADORA DECLARA

Que todos os datos contidos neste anexo e nos documentos que se achegan son certos.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

	ORGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Certificado da federación deportiva que acredite un mínimo de tres anos de experiencia, se é o caso.			
☐ Documento que indique o tipo de relación laboral prevista.			





XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

ANEXO III
(continuación)

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas.

DNI ou NIE da persoa adestradora.

Consulta de títulos oficiais universitarios da persoa adestradora.

Consulta de títulos non oficiais universitarios da persoa adestradora.

Consulta de Inexistencia de antecedentes penais por delitos sexuais da persoa adestradora.

DNI ou NIE do/da presidente/a da Federación.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

Actualización normativa: no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

SINATURA DA PERSOA ADESTRADORA

SINATURA DO/DA PRESIDENTE/A DA FEDERACIÓN GALEGA DE

Lugar e data

, de de

Lugar e data

, de de

galicia



Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>





XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

ANEXO IV

**PERSONA ADESTRADORA RESPONSABLE DA SECCIÓN DEPORTIVA: DECLARACIÓN DE COÑECEMENTO DAS SÚAS FUNCIÓNS E
DECLARACIÓN DE NON ESTAR EN SITUACIÓN DE INCOMPATIBILIDADE**

DATOS DA PERSONA ADESTRADORA RESPONSABLE DA SECCIÓN DEPORTIVA

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE
PARROQUIA	LUGAR	ANDAR	PORTA
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	
FEDERACIÓN GALEGA DE			

FUNCIÓNS DA PERSONA ADESTRADORA RESPONSABLE

- Coordinar os adestradores responsables dos grupos de adestramento da súa sección.
- Informar a Dirección do CGTD de todo o que teña que ver coa súa sección.
- Elaborar o programa de adestramento para o curso, indicando obxectivos, contidos, metodoloxía, sistemas de avaliación, horarios de adestramento e calendario de competicións.
- Programar e supervisar os adestramentos dos deportistas.
- Avaliar o proceso de adestramento e o seu resultado.
- Recomendar a renovación ou non renovación dun deportista.
- Contribuír a que as actividades do centro se desenvolvan nun clima de respecto e valores.
- Tutoría, orientación, dirección e apoio ás persoas deportistas durante o tempo dedicado ao adestramento e sempre con atención persoal no marco horario establecido.
- En relación coas persoas deportistas do grupo de tecnificación: informar a familia e as persoas titoras do Centro sobre as ausencias á clase e/ou aos servizos de residencia, como consecuencia da participación das persoas deportistas en competicións deportivas incluídas na programación xeral anual.
- Elaborar a avaliación deportiva trimestral e a memoria deportiva anual.
- Aceptar as normas do Regulamento de réxime interno do centro.
- Manter actualizado o inventario do material do CGTD.
- Responsabilizarse do almacenamento, bo uso e control do material do CGTD.

A PERSONA ADESTRADORA RESPONSABLE DA SECCIÓN DEPORTIVA DECLARA

1. Coñecer e aceptar todas as funcións xerais encomendadas como persoa adestradora responsable da sección deportiva no curso 2017/18.
2. Que non desempeña posto ou actividade ningunha no sector público nin realiza actividades privadas incompatibles ou que requiran recoñecemento de compatibilidade.
3. Que non recibe pensión de xubilación, retiro ou orfandade por dereitos pasivos ou por calquera réxime da Seguridade Social público e obrigatorio.

SINATURA DA PERSONA ADESTRADORA RESPONSABLE DA SECCIÓN DEPORTIVA

Lugar e data

 , de de

galicia



Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

ANEXO V

PERSOA ADESTRADORA RESPONSABLE DE GRUPO: DECLARACIÓN DE COÑECEMENTO DAS SÚAS FUNCIÓNS
(só no caso de haber adestradores de grupo, preséntase un por persoa)

DATOS DA PERSOA ADESTRADORA RSEPNABLE DO GRUPO

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE
PARROQUIA	LUGAR	ANDAR	PORTA
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	
FEDERACIÓN GALEGA DE			

FUNCIÓNS DA PERSOA ADESTRADORA RESPONSABLE

- Programar e supervisar os adestramentos das persoas deportistas ao seu cargo.
- Avaliar o proceso de adestramento e o resultado das persoas deportistas baixo a súa responsabilidade.
- Informar o técnico responsable da sección deportiva de todo o que teña que ver cos seus deportistas e coa súa función como técnico responsable dun grupo de adestramento.
- Contribuír a que as actividades do centro se desenvolvan nun clima de respecto e valores.
- Titoría, orientación, dirección e apoio ás persoas deportistas durante o tempo dedicado ao adestramento e sempre con atención persoal no marco horario establecido.
- En relación coas persoas deportistas do grupo de tecnificación: informar a familia e o responsable da sección deportiva das competicións, concentracións, etc. en que van participar os seus deportistas.
- Aceptar as normas do Regulamento de réxime interno do centro.

A PERSOA ADESTRADORA RESPONSABLE DO GRUPO DECLARA

1. Coñecer e aceptar todas as funcións xerais encomendadas como persoa adestradora responsable dun grupo de adestramento no curso 2017/18.

SINATURA DA PERSOA ADESTRADORA RESPONSABLE DO GRUPO

Lugar e data

 , de de

galicia



Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

ANEXO VI

VALORACIÓN TÉCNICA DAS PERSOAS DEPORTISTAS
(preséntase un por persoa, é obrigatorio cubrir todos os puntos)

GRUPO (tecnificación ou rendemento)

1. DATOS PERSOAIS

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
DATA DE NACEMENTO	LUGAR DE NACEMENTO		
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE ANDAR PORTA
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	
ESTUDOS REALIZADOS NO CURSO 2017/18			

SÓ PARA O GRUPO DE TECNIFICACIÓN
PROMOCIONA EN XUÑO DE 2018

☐ SI ☐ NON INDICAR Nº DE SUSPENSO

NOTA MEDIA DO EXPEDIENTE EN XUÑO DE 2018
(cubrir só se aprobou todo)

SÓ PARA O GRUPO DE RENDEMENTO
TIPO DE PRAZA SOLICITADA

ESTUDOS QUE VAI REALIZAR NO CURSO 2018/19

CLUB TEMPADA 2017/2018

CATEGORÍA EN QUE COMPETIU NA ACTUAL TEMPADA

CLUB TEMPADA 2018/2019

Nota: no caso das persoas deportistas de nova incorporación pertencentes ao grupo de tecnificación, a federación debe achegar a este anexo, unha copia do boletín de notas de xuño de 2018 ou ben unha copia do certificado académico da persoa deportista.

2. TRES MELLORES RESULTADOS NAS COMPETICIÓNS DE REFERENCIA (anos 2017/18), segundo o recollido nos artigos 22 e 23 desta convocatoria.

*obligatorio cubrir todas as columnas

ÁMBITO AUTONÓMICO				RESULTADO	
CAMPIONATO GALEGO	CATEGORÍA	DATA	MODALIDADE	POSTO	MARCA
ÁMBITO NACIONAL				RESULTADO	
CAMPIONATO DE ESPAÑA	CATEGORÍA	DATA	MODALIDADE	POSTO	MARCA
ÁMBITO INTERNACIONAL: COA SELECCIÓN ESPAÑOLA				RESULTADO	
CAMPIONATO	CATEGORÍA	DATA	MODALIDADE	POSTO	MARCA

CVE-DOG: wy13fqd2-i6p0-qzk2-7v57-swpqxqfj2f8



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

ANEXO VI
(continuación)

3. POSTO NO RÁNKING NACIONAL TEMPADA 2017/18 (para grupo de rendemento)

4. POSÚE A CONDICIÓN DE DGAN

☐ SI ☐ NON

5. POSÚE LA CONDICIÓN DE DAN

☐ SI ☐ NON

6. OS DATOS DAS PERSOAS DEPORTISTAS PROPOSTAS NO GRUPO DE RENDEMENTO DEBERÁN ESTAR XUSTIFICADOS DOCUMENTALMENTE POLAS RESPECTIVAS FEDERACIÓNS.


FEDERACIÓN GALEGA DE

Propono esta persoa deportista para formar parte do grupo de para o curso 2018/19 (tecnificación ou rendemento).

SINATURA DA PERSOA ADESTRADORA RESPONSABLE DO GRUPO

Lugar e data

 , de de

 galicia

Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

CVE-DOG: wy13fqd2-i6p0-qzk2-7v57-swpqxqfj12f8

